

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 3 DE NOVEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de outubro de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-Reactiva). Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "Programa Fondo de financiamento para a Reactivación Económica e Social da provincia, cun importe de subvención de 342.435,14 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 181, do 28 de outubro de 2020).

- Resolución de 28 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Traballo, Ministerio de Traballo e Economía Social, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2021. (Boletín Oficial do Estado número 289, do 2 de novembro de 2020).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 29 de outubro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1587/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1635/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1587/2020	23-10-2020	CM Impermeabilización do edificio municipal NEBRIXE (Bribes)
1588/2020	23-10-2020	CM Mantemento de cubertas CEIPs Municipais de Cambre
1589/2020	23-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de outubro de 2020
1590/2020	23-10-2020	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por AMLB para a substitución da cuberta do alpendre existente na finca sita en Aián, Sigrás
1591/2020	24-10-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes á concesión de premios outorgados polo xurado do XI Concurso de Escaparates de Nadal 2019 e indemnización dos membros do xurado
1592/2020	26-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 22.434,33 euros
1593/2020	26-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 4.565,04 euros
1594/2020	26-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de outubro de 2020
1595/2020	26-10-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1596/2020	26-10-2020	Servizo de coordinación de seguridade e saúde de dúas obras (instalación de semáforo con pulsador na DP 1706 á altura da Barcala e abastecemento e pluviais en Pontido)
1597/2020	27-10-2020	Aprobación pagamento de produtividade 3º trimestre 2020, segundo Regulamento produtividade por importe bruto total de 63.332,72 euros
1598/2020	27-10-2020	Denegacion axuda alimentación a MPVD por superar límite de ingresos establecido na ordenanza
1599/2020	27-10-2020	IRF Aprobación do Proxecto PRISMA 2020
1600/2020	27-10-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 12/2020. Investimentos de Servizos Sociais



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1601/2020	27-10-2020	Contrato menor para o control de poboación de pombas e estudo de gaivotas no Concello de Cambre
1602/2020	27-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.J.L. durante 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1603/2020	27-10-2020	Expediente de xeración de crédito número 7/2020. Novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas
1604/2020	27-10-2020	Contrato menor de servizos para arranxo avaría calefacción na E.I. O Temple
1605/2020	27-10-2020	Contrato menor para arranxo sistema de calefacción da Escola Infantil A Barcala e 4 radiadores
1606/2020	27-10-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1607/2020	27-10-2020	Aprobación de taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais liquidada no ano 2020
1608/2020	28-10-2020	Convocatoria Xunta de Voceiros extraordinaria o día 29 de outubro de 2020 ás 19,30 horas
1609/2020	28-10-2020	Denuncia estado de ruína da edificación situada en Altamira, Anceis, e existencia de árbores que ameazan a súa propiedade. Propietario: herdeiros de MGA
1610/2020	28-10-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 13/2020. Xuros de mora
1611/2020	28-10-2020	Contratación facturas emerxencia
1612/2020	28-10-2020	Concesión tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a HSP
1613/2020	28-10-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras no incluídas na comunicación previa presentada en finca sita en estrada Cambre-Temple, Cambre. Propiedade: ESQ
1614/2020	28-10-2020	Expediente de reposición da legalidade pola existencia duns galpóns na finca sita na estrada Estación, Cambre na que se desenvolve unha actividade gandeira, segundo escritos de MMIC en representación de PJCH
1615/2020	28-10-2020	Expediente de orde de execución 2014/I002/127 por estado de muro sito en Urbanización Os Castros do Bosque (1ª fase)
1616/2020	28-10-2020	Aceptación subvención Mellora das coleccións e adquisición de novidades editoriais - Conv. extraordinaria
1617/2020	28-10-2020	Continuación de procedemento e demais actuacións que procedan en relación co expediente núm.: 2014/U008/000071 no que se omitiu o trámite de fiscalización previa para a devolución dunha fianza urbanística depositada para a concesión dunha licenza construción dunha vivenda unifamiliar á que se renunciou
1618/2020	29-10-2020	Conceder a licenza de vao permanente para acceso ao garaxe do edificio sito en Graduil, Cambre. Solicitane:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		RH, S.L.
1619/2020	29-10-2020	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe na rúa Constitución, Temple. Solicitante: CI, S.L.
1620/2020	29-10-2020	Declarar a caducidade dos expedientes nºs 07/109/05 e 15/38/05, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción
1621/2020	29-10-2020	Aprobación nómina de outubro 2020
1622/2020	29-10-2020	Corrixir un erro advertido na Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 2637/2019, do 26 de decembro, pola que se concedeu a JLMR a licenza municipal para a división dunha finca sita en Nebrixe, Bribes, e así onde di "360 m2, senda ésta última de cesión obligatoria e gratuita ao Concello para regularización do viario" debe dicir "326 m2, sendo esta última de cesión obrigatoria e gratuíta ao Concello para regularización do viario"
1623/2020	29-10-2020	Conceder a axuda aluguer a CARL por importe de 400 euros
1624/2020	29-10-2020	Denegar a axuda recibo de auga a SBB por non presentar a documentación dentro do prazo de pagamento
1625/2020	29-10-2020	Denegar a axuda recibo de luz a MPVD por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido
1626/2020	29-10-2020	Denegar a axuda aluguer a EYRL por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido
1627/2020	29-10-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición 941000024311311. Solicitante: MLQC
1628/2020	29-10-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición 941000025420806. Solicitante: AVS
1629/2020	29-10-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición 941000024905459. Solicitante: AFM
1630/2020	29-10-2020	Expediente de xeración de crédito número 8/2020. Aumento achega Obradoiro de Emprego "PROXEDIS - PROWEB" 2019/2020
1631/2020	29-10-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de setembro de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de outubro de 2020
1632/2020	29-10-2020	Conceder a licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar sita na estrada de Espírito Santo, s/n, parroquia de Cecebre. Solicitante: M <sup>a</sup> delPGC
1633/2020	29-10-	Licenza de segregación de finca de 688 m <sup>2</sup> en dúas



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

	2020	parcelas de 667 m <sup>2</sup> e 21 m <sup>2</sup> , en Cela. Solicitante: DRA
1634/2020	29-10-2020	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade do día 30 de outubro de 2020
1635/2020	29-10-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 30 de outubro de 2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación da obra de "Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do Campo de Fútbol Lendoiro – A Barcala (Barcala - Cambre)" á empresa NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., no prezo ofertado de 10.955,50 € sen IVE, 13.256,16 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000123

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa "Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.", adjudicataria da obra "Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020". Expediente: 2020/C003/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adjudicación da obra de "Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do Campo de Fútbol Lendoiro – A Barcala (Barcala - Cambre)" á empresa NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., no prezo ofertado de 10.955,50 € sen IVE, 13.256,16 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000123**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"No mes de xullo de 2020 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado "Descrición técnica para a reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do campo de fútbol de Lendoiro – A Barcala. Cambre. Julio 2020", cun orzamento de 11.532,11 € sen IVE, 13.953,85 € IVE incluído, documento que foi asinado polo técnico municipal con data do 1 de setembro de 2020.

Dito documento describe a situación actual das instalacións, segundo inspección técnica realizada o 25 de xuño de 2020, nas que se aprecia o mal estado das placas de fibrocemento existentes, o que provoca filtracións cara ao interior dos vestiarios, xerando humidades que deterioran os acabados. No caso da zona do cadro eléctrico, a situación provoca inseguridade e perigo de uso das instalacións, polo que urxe a substitución do material de cuberta. Na descrición técnica, aconséllase ademais a elevación da estrutura da cuberta para a colocación de celosías prefabricadas de formigón que posibiliten a circulación de aire evitando así, coa ventilación natural dos vestiarios, que se produzan condensacións e humidades.

Con data 21/08/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de Educación e Cultura municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade urxente de

dar resposta as deficiencias detectadas debido ao uso intensivo das instalacións complementarias ao campo de fútbol municipal de Lendoiro - Barcala e para asegurar unha actividade segura, co fin de illar as filtracións que afectan ao edificio e dotar de accesibilidade aos vestiarios, isto conforme ao artigo 25.1. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local que contempla entre as competencias municipais a “promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, así como á Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que no seu artigo 8.3, sinala como competencias municipais “Construir, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal...”; e de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 8/09/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342. 21200, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 5/10/2020 emítese informe asinado polo coordinador deportivo municipal coa conformidade do coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.
- NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L.
- CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	11.359,3 €	13.744,55 €
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L.	10.955,50 €	13.256,16 €

formulando proposta de adxudicación da obra de “Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do Campo de Fútbol Lendoiro – A Barcala (Barcala - Cambre)”, á entidade NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., con NIF B700\*\*\*\*\* e domicilio en Pé do Muiño 17 Meirás -15.186 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 10.955,50 € sen IVE, 13.256,16 € IVE engadido, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de adxudicación, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 28 de outubro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 350/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 31 de outubro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do

Concello en materia de instalacións deportivas e ocupación do tempo libre (art. 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto da obra de “Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do Campo de Fútbol Lendoiro – A Barcala (Barcala - Cambre)”, elaborado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 11.532,11 € sen IVE, 13.953,85 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342. 21200.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000123, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato da “Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do Campo de Fútbol Lendoiro – A Barcala (Barcala - Cambre)” á empresa NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., con NIF B700\*\*\*\* e domicilio en Pé do Muiño 17 Meirás -15.186 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 10.955,50 € sen IVE, 13.256,16 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento para a selección da oferta máis vantaxosa,( factor prezo).

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador de Cultura e Educación municipal, don José Luís Martínez Názara.

**Sétimo:** Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de Cultura e Educación municipais, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución

competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa “Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.”, adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”. Expediente: 2020/C003/000001**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/000001 para a contratación da obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”. Expediente: 2020/C003/000001.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de outubro de 2020 polo que se adxudicou a obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”, á empresa *Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*, asinandose o contrato con data 13 de outubro de 2020.

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 02 de novembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900003837.

Visto o informe favorable emitido con data 02 de novembro de 2020 pola Arquitecta Técnica Municipal, dona Susana Bahamonde López.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*” para a execución da obra denominada “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020” Expte. 2020/C003/000001

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*”, e a dona Laura López, Santiago, da entidade IPRENOR, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112





e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia